



I.E.S. Agra de Leborís
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS/NAIS/TITORES-AS LEGAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 pai/nai/titor-a legal (sendo un deles representante da ANPA)** que debe ter o Consello Escolar.
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir de hoxe está exposto no taboleiro do centro. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata o 14 de novembro ás 14:00 horas.
- 3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 10:00 horas do día 16 de novembro.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais/titores-as legais que non se presenten como candidatos/as, o **día 16 de novembro, ás 12:20 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o **17 ao 22 de novembro, ambos días inclusive**. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.
- 7.- As votacións realizaranse o **día 24 de novembro, de 16:00 a 19:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 8:40 horas.
- 8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.
- 9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
- 10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Laracha, 7 de novembro de 2022
O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Marta de Jesús Martínez Suárez